

# ESQUECÍN que te ESQUECÍN

Do 6 de marzo ao 26 de maio 2020

Sala de Exposicións  
do Pazo de San Marcos  
Deputación provincial de Lugo

Programa:

#DIM2020

ICOM Consello Internacional de Museos España

Ilustración Marga Colás

Co título "Esquecín que te esquecín" a asociación de mulleres artistas Blanco, Negro y Magenta en colaboración coa Rede Museística da Deputación provincial de Lugo, quere sensibilizar á sociedade sobre a prioridade socio-sanitaria que supón a enfermidade do Alzhéimer, e faio por medio dun diálogo entre as obras que compoñen a exposición. Debuxos, fotografías, vídeos, obra téxtil, esculturas... as diversas disciplinas farán latentes o problema que afecta a un conxunto da sociedade e precisamente a ela vai dirixido colectiva e persoalmente, porque a día de hoxe ninguén pode estar a salvo de sufrila.

O motivo deste proxecto ten tamén a intención de insistir no recoñecemento e a achega social que supón o coidado e poñer #ante os ollos de quen contemple a exposición o traballo calado, abnegado, desvalorizado, pouco ou nada remunerado, e que é realizado basicamente por mulleres do ámbito familiar, co desgaste emocional que supón, e tamén o de migrantes de pouca cualificación profesional e que desgraciadamente dubidosamente cotizan polo seu traballo.

A pesar da idea proposta en común, as artistas de Blanco, Negro e Magenta tiveron plena liberdade para utilizar como inspiración para as súas obras a súa propia experiencia ou ben contextualizarlo no social. O resultado é unha exposición na que prima a parte emocional, pero que non está exenta de formalismo respecto a cada obra representada.

Parece significativa a idea de traballar sobre o Alzheimer nunha sala onde unha muralla física é o elemento dominante. Ás veces, a casualidade forma parte activa da proposta e esta sen dúbida é unha delas.

Como equipo curatorial damos as grazas á Deputación provincial de Lugo e á Rede Museística provincial de Lugo por ternos en conta para permitirnos mostrar un dos nosos proxectos máis próximos no plano persoal de moitas de nós. Nel pérdese o interese pola forma en beneficio do concepto para representar e facémolo mediante a narrativa que outorga o conxunto de todas as obras.

Equipo Curatorial BNM